



## Repsol destina 24,8 millóns de euros á innovación e o mantemento no Complexo Industrial da Coruña

- O Complexo coruñés inicia hoxe unha parada programada durante máis de 60 días en oito unidades da súa área de Combustibles, situada en Bens.
- Realizaranse traballos de mantemento con intervención en 200 equipos e executaranse investimentos de innovación no medio ambiente, seguridade dos de procesos e fiabilidade das unidades.
- Entre os investimentos destacan as iniciativas centradas na descarbonización e a mellora da eficiencia enerxética das plantas, enmarcadas na transformación industrial do Complexo, no obxectivo da compañía de ser cero emisións netas en 2050.
- Ademais do persoal de Repsol, traballarán preto de 700 profesionais cada día, pertencentes a 46 empresas auxiliares, o que reforza o compromiso do Complexo Industrial como motor económico e de emprego en Galicia.

O Complexo Industrial de Repsol comeza hoxe unha **parada programada** en oito plantas da súa **área de Combustibles**, situadas en Bens (A Coruña), que durará máis de 60 días. O resto das unidades funcionarán con normalidade.

**Repsol destinará 24,8 millóns de euros á parada.** Cun orzamento de máis de 12,5 millóns de euros, realizaranse traballos de mantemento nas plantas con intervención en 200 equipos. **Doutra banda**, investiranse 12,3 millóns de euros na execución de iniciativas de **innovación no medio ambiente, seguridade dos de procesos e fiabilidade das unidades.**

As instalacións coruñesas están nun proceso de **transformación industrial** nun polo multienerxético, que contribúe ao obxectivo de Repsol de ser **cero emisións netas en 2050**. Deste xeito, durante a parada programada, incorporaranse novas tecnoloxías e levarán a cabo investimentos centrados no aumento da **eficiencia enerxética** das plantas e a **redución de CO<sub>2</sub>**.

Nesta parada, ademais do persoal de Repsol, **traballarán preto de 700 profesionais cada día** e prevese alcanzar puntas próximas a 800. Todos eles **pertencen a 46 empresas auxiliares** con distintos contratos, o que subliña o compromiso do Complexo Industrial como motor económico e de emprego en Galicia.

**O obxectivo prioritario de Repsol é que todos os traballadores realicen as actuacións coa máxima seguridade.** Por esta razón, todos os profesionais que participan nela teñen acreditada unha ampla formación en seguridade que, ademais, refórzase con formación específica para os traballos. Tamén se creou un equipo de coordinación de seguridade formado por persoal propio, técnicos e persoal de prevención de empresas de servizos, que funcionará as 24 horas.



## Investimentos da parada

Durante unha parada programada realízanse traballos de mantemento, e ademais levan a cabo investimentos que non se poderían desenvolver coas unidades en marcha e requiren que estean fose de servizo para a súa realización. Nesta ocasión investiranse 12,3 millóns de euros na execución de iniciativas de **innovación no medio ambiente, seguridade dos procesos e fiabilidade das unidades**.

Destacan os investimentos **centrados na descarbonización e a mellora da eficiencia enerxética** das plantas. Entre elas está a substitución do precalentador existente da unidade de Platformado 2 por un novo equipo máis eficiente, grazas ao que se conseguirán un menor consumo de fuelgas e **unha redución ao redor de 1.780 toneladas de CO<sub>2</sub> ao ano**. Nesta planta obtense unha gasolina de alto número de octano, que se usa para producir as gasolinas comerciais.

Doutra banda, tamén levarán a cabo actuacións destinadas á **innovación** para a mellora continua en **seguridade e fiabilidade** das unidades. Hai **16 investimentos** en seguridade de procesos, implantando novos equipos de instrumentación tecnolóxica nas unidades, reforzando o control e adaptación aos máximos criterios de fiabilidade nos sistemas de actuación automática de seguridade das plantas.

Cabe lembrar que, tanto na fase inicial, cando se detén a actividade das plantas como na fase final de posta en marcha, os procedementos operativos van requiren do envío controlado aos fachos de excedentes gaseosos propios do proceso para a súa combustión. Por esta razón, **en determinados momentos os fachos poderán ter unhas dimensións maiores das habituais**, unha circunstancia normal nestas etapas do proceso, que se realizan de forma totalmente controlada e segura.